

BALEA NEGRA

Hai case 20 anos que me mataches namorado. Nas salgadas bágoas reviritáronme as gaivotas, penso que escorreguei nas burbullas do alambique da morriña e na espuma anacoreta. Non quixen áncoras e somerxín os meus desexos nas pernas da serea. Leváchesme polo corredor da morte, costa abaixo cara o inferno. Tiven que ver percebes confinados na peste e acantilados afogando na cegueira máis escura.

Corredor Atlántico que me achega a preada enchoupada de incertezas. Perigosa. Calma. Camariñas, temos un problema. Traen as ondas radiofónicas a mensaxe na botella: “Mayday”; outra botella chegará anos máis tarde con remitente sanitario: “Precísanse traxes brancos do Prestige porque non queda ningún EPI para loitar contra o coronavirus”.

Comezan os contos de taberna e a procesión de remolcadores, semellan as festas da Virxe do Carme pero, nesta ocasión, sen Danza de Arcos. Atracan tamén as escusas propias e estranxeiras, tentan afastar os problemas mar adentro, tentan alonxar a mancha do esquelete da balea de longo ronsel.

Agonizante e ceibo, o petroleiro peta á porta camariñá e remátase de espallar a culpabilidade desprovista de medios. Císcase a responsabilidade por máis que os políticos desexaran que o mar gardase o segredo e que a terra non descubrise as crebas. O chapapote bicou a costa, castigo de pesca e marisqueo mentres se permitía a caza de biosbardos. Velaí veñen saloucando: sardiñas, algas, xurelos, ourizos, ameixas, longueiróns...

A balea vagou seis días, o sétimo escachou e afundiou regalando a maioría do fuel que iría peregrinando á costa sen *Apostolos*. Burla negra. Pirata que intenta atacar

Camariñas, protexida polo castelo do Soberano, finalmente encallou na area e bateu a zoca nas rochas onde topou con nós.

O vento porta os salaios, semellan ouveos dos lobos perseguidos antigamente. Guiábanse con ruídos e fachuzos ata o vértice dos muros, aí había un foxo profundo tapado con maleza para apresalos. En Camariñas aínda se pode ver un foxo para cazar lobos.

Mestúrase a chegada de voluntarios sen organización co turismo da catástrofe e vaise axigantando a avalancha de solidariedade para alimentar os folgos. Velaí a resistencia do pobo bañado pola marea branca. Xa vai vindo a orde, as mans voluntarias non te deixaron trabando as cordas vocais na lonxa; esganándolle as gorxas do pan futuro. Querías escorar o teu negro veneno nas linguas que se resisten a ser estoupadas para poder cruzar o río Grande pola Ponte do Porto e loitar pola xustiza ecolóxica, política e social.

STOP! Raqueiros! Ás veces as indemnizacións aprovéitanse do lombo branco de balde. Empatía, ideais, aventura, novidades, ecoloxismo; pero de balde. “Outro máis!”, berraban algúns descarados afectados que xa tiñan o diñeiro no papo. Día tras día a posta de Sol en cabo Vilán poñía unha pinga de fermosura ante aquela catástrofe.

O teu piche abala a conciencia encharcada en desacougo. Vomitas sobre a cadea humana do peche perimetral que busca engaiolar o dono da culpa, raza ceiba á chapacuña. Hai mareas que moven feixes de cartos con interesados silencios.

A traxedia namorou paisaxes e corazóns voluntarios que agromaron descendencia, fillos da traxedia.

Fondean paños, varan araos e cormoráns. Mergúllanse as confrarías e a veciñanza. Asoláganse os cantos rodados que o vento e a auga tallaron, agora tínguense dunha

morea de cru espaxada pola costa. Unha mostra deles son a “Pedra do Oso” ou os “Namorados” que habitan na praia de Reira.

Nunca Máis foi o paraugas que acolleu e promoveu a denuncia de todo o mundo. Colaborando, organizándose, debatindo e movilizándose en multitudinarias manifestacións da conciencia libre; do pobo vivo con honra. Bravura fervendo na bandeira negra e azul.

Vieiros trouxeron imaxes e memoria para non trocar os berros xustos. Eu non apandei co que che conviña.

Longo foi o xuízo máis ninguén quedou conforme. Houbo mar picado de sensacionalismo, tremendismo, manipulación e sobreactuación; que por desgraza, molla á verdade.

Pingas de suor nos fondos sacrificios de moitas mans, pingas diluídas inxustamente coma o encaixe de Camariñas que afogou na bodega do Titanic. É certo, de veras que foi así. Na historia tamén se escoitan os hipnóticos repeniques dos palillos contra a coira. Aí está a tradición, a memoria, o picado. Que é o picado?, unha técnica propia das palilleiras de Camariñas, a arte de trasladar os deseños de encaixe a un cartón que se utiliza varias veces para palillar. Todo isto e máis, está na vila e tamén no seu Museo do Encaixe.

Sempre aboiará a tralla brava dos monos brancos, dos voluntarios de conciencia coma os vecinos de Camariñas. No 1890 enterraron, xunto co cura da parroquia de Xaviña, os corpos dos 172 falecidos do Serpent. Fixérono no que se chamou o cemiterio dos Ingleses, o naufraxio do buque británico só tivo tres superviventes pero na punta do Boi naufragaron máis barcos e houbo máis enterros.

No recanto onde se mestura o orballo e o salitre, zoa o testemuño abafante da lembranza; chapapote mareado polo cheiro a morte incrustado nas maniotas. Bágoas

negras choran as flores rosas das camariñas, estes arbustos dan nome á vila. Chamábanse “herba da fame” porque durante a guerra civil a xente comía o seu froito para enganar ao estómago. Hoxe está protexida e en perigo de extinción. A maior reserva atópase no areal do Trece, aos pés da duna rampante, na ladeira do monte Branco.

En Camariñas naceu Cristina Fernández Pasantes, pioneira muller fareira. A maior parte da súa vida estivo no faro de cabo Vilán, alí loitou contra os múltiples naufraxios da igualdade.

Camariñán volveuse Manfred Gnädinger, chegou nos anos sesenta con paz interior, fantasía e soidade. Este anacoreta estableceuse en Camelle, na beira do mar; creou a súa obra con pedras, cunchas e materiais que as ondas lle proporcionaban. O mar tamén trouxo o chapapote do Prestige que tinguiu a súa creación, o negro cru matou as súas vistosas cores e a tristeza empapouno. Morreu ao mes.

O legado de Man está protexido, conservado e difundido no Museo do Alemán de Camelle. Eu preguntome, que diría Man?

(Soñei que unha balea negra morría na costa ao pé das miñas esculturas, soñei que a enterraba e que despois morría eu. Eternamente serei escultor, pintor e círculo. Son Man de Camelle. Sempre escribirei cartas náuticas alumeado polos faros e coma o corvo de Edgar Allan Poe, repetirei toneladas de veces: “NUNCA MÁIS”).

ALBA SÁNCHEZ ARES